

ACTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR CUALIFICADOR PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DO PERSOAL ADSCRITO AO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA, ANUALIDADE 2019**Proceso selectivo: 1 OFICIAL ALBANEL**

No Salón de Plenos do Concello de Rianxo, ás 11:35 h do día 16/05/2019, reúnese o Tribunal Cualificador que avaliará as probas selectivas para a contratación de 1 oficial albanel adscrito a subvención PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA, segundo as bases aprobadas pola Resolución da Alcaldía núm. 448/2019 do día 09/05/2019 e tribunal coa seguinte composición:

Presidenta: M^a Aurora Rodríguez Rey, AEDL auxiliar (II)

Vocal: Gabriel Bermúdez Piñeiro, capataz municipal (V)

Secretaria: Vicenta A. Campaña Martínez, auxiliar administrativa (C2)

Asesor da proba de galego: David Cobas Medín, normalizador lingüístico (I); incorpórase para a proba de galego

A Presidenta declara constituído o Tribunal e dá conta dos antecedentes do proceso:

Primeiro: o día 9 de maio de 2019 preséntase a oferta de emprego corresponde na oficina de emprego de Boiro; o día 14 de maio de 2019 recíbese o resultado da dita oferta.

Segundo: convócase a todos os integrantes da anterior oferta para a proba teórica o xoves 16 de maio de 2019 ás 11:15 horas no Salón de Plenos do Concello de Rianxo, tamén se lles solicita acudan coa documentación correspondente á fase de concurso.

Terceiro: o tribunal da conta do establecido nas bases ao respecto da fase de oposición e solicita a documentación para a fase de concurso:

A fase de oposición terá carácter eliminatorio e, para superala, será necesario obter cando menos a metade da puntuación máxima prevista nela.

Cuarto: Ás 11:36 h, realízase o control de asistencia á proba escrita e o acceso á sala na que se vai realizar. Unha vez dentro explícaselles ás persoas aspirantes como se vai desenvolver o exame e fanse as aclaracións ao respecto da documentación que se lles presenta. Preséntanse 6 aspirantes e quedan excluídas as persoas aspirantes non presentadas.

Ás 11:45 horas iníciase a proba escrita que ten hora prevista de remate ás 12:15 h.

O Tribunal reúnese de novo ás 12:15 h do mesmo día para facer as valoracións dos exames e na proba escrita obtéñense os seguintes resultados:

APELIDOS	NOME	PUNTUACIÓN	APTO/NON APTO
CASTIÑEIRAS MAGARIÑOS	MANUEL	5,70	NON APTO/A
CASTRO FIGUEIRA	ROSALINO	17,37	APTO/A
FIGUEIRA CASTAÑO	JESÚS	14,68	APTO/A
GONZÁLEZ TUBÍO	ANDRÉS	1,28	NON APTO/A
SANTIAGO FRANCO	JOSÉ	17,34	APTO/A
SOMOZA GEY	MARCELINO	15,01	APTO/A

Así, as persoas cualificadas como "Apto/a" deberán presentarse o xoves 16 de maio de 2019 no sala de reunións do Concello de Rianxo para a proba de galego ás 16:30 horas.

Ás 17:19 horas o Tribunal reúnese de novo para a realización da proba de galego, momento no que se incorpora o asesor da proba; a proba iníciase ás 17:20 horas e remata ás 17:45. Obtéñense os

seguintes resultados:

APELIDOS	NOME	APTO/A - NON APTO/A
CASTRO FIGUEIRA	ROSALINO	APTO/A
FIGUEIRA CASTAÑO	JESÚS	APTO/A
SANTIAGO FRANCO	JOSÉ	APTO/A
SOMOZA GEY	MARCELINO	APTO/A

Ás 17:45 horas o Tribunal reúne para a valoración da fase de concurso, da que se obteñen os seguintes resultados:

APELIDOS E NOME	Carné de conducir	PRL	Igualdade	Galego	TOTAL
CASTRO FIGUEIRA, ROSALINO	0,00	1,00	0,00	0,00	1,00
FIGUEIRA CASTAÑO, JESÚS	1,00	0,00	0,00	0,00	1,00
SANTIAGO FRANCO, JOSÉ	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
SOMOZA GEY, MARCELINO	1,00	0,00	0,00	0,00	0,00

O Tribunal comproba que todas as persoas que remataron o proceso cumpren os requisitos esixidos nas bases.

O resultado final do proceso, por orde de puntuación, é o seguinte:

Núm. ORDE	APELIDOS	NOME	PROBA TEÓRICA	CONCURSO	TOTAL
1º	CASTRO FIGUEIRA	ROSALINO	17,37	1,00	18,37
2º	SANTIAGO FRANCO	JOSÉ	17,34	0,00	17,34
3º	SOMOZA GEY	MARCELINO	15,01	1,00	16,01
4º	FIGUEIRA CASTAÑO	JESÚS	14,68	1,00	15,68

O Tribunal propón á persoa de maior puntuación, neste caso a Rosalino Castro Figueira, para a súa contratación como Oficial 1ª albanel

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 17:50 h, a Presidencia remata a sesión, da que se estende a presente acta, que será asinada pola Secretaria do Tribunal.